



Obradoiro de Contos e creación plástica.

4 a 7 anos

Os martes 10, 17, 24 e 31 de xullo
11:00h a 12:30h

Obradoiro de Interpretación musical de contos en galego

4 a 7 anos

Os martes 7, 14, 21 e 28 de agosto
11:00h a 12:30h

Obradoiro de Ciencias: xogos e experiencias ópticas

8 a 12 anos


Os xoves 5, 12, 19 e 26 de xullo
11:00h a 12:30h

Obradoiro de Iniciación ao cine

8 a 12 anos

Os xoves 9, 16, 23 e 30 de agosto
11:00h a 12:30h

Obradoiros de Verán 2018





Relación de obradoiros de verán:

De 4 a 7 anos

- Obradoiro de Contos e creación plástica.
- Obradoiro de Interpretación musical de contos en galego.

De 8 a 12 anos

- Obradoiro de Ciencias: xogos e experiencias ópticas
- Obradoiro de Iniciación ao cine.

Obradoiro de Contos e creación plástica

Para nenos e nenas de 4 a 7 anos

Descrición:

Neste obradoiro os/as cativos/as aprenderán, de forma lúdica e sinxela, diferentes técnicas plásticas coas que poderán crear diferentes obras.

En dúas das sesións partiremos de contos para elaborar as creacións, e nas outras dúas unha vez elaborada a ilustración crearemos unha historia colectiva entre todos/as.



Obxectivos:

- Transmitir diferentes técnicas plásticas utilizando como recursos os contos e as actividades lúdicas.
- Xerar procesos creativos para a expresión plástica e verbal.
- Estimular o uso da psicomotricidade fina
- Desenvolver a capacidade creativa e imaxinativa.

Contidos:

- Contacontos en galego.
- Xogos con imaxes.
- Creación de historias a partir de obras plásticas.
- Traballo creativo a partir dun conto.

Nº de monitores/as: 2 monitores/as

Nº de participantes: 25 participantes

Duración: 1 hora e media

Obradoiro de Interpretación musical de contos en galego

Para nenos e nenas de 4 a 7 anos

Descrición:

Este obradoiro consiste en estimular a creatividade dos nenos e das nenas máis cativos/as a través da música e a maxia dos contos.

O obradoiro iníciase cun contacontos que dará paso a unha creación e interpretación musical baseada na historia e nas personaxes.

Obxectivos:

- Utilizar a música como medio de expresión.
- Realizar diferentes interpretacións musicais baseadas en contos (danzas, cancións, acompañamentos musicais)
- Traballar en grupo de forma cooperativa para fomentar o traballo en equipo
- Descubrir o pracer pola creación musical.
- Fomentar o respecto e valoración polas creacións propias e alleas.



Contidos:

- Creación e interpretación de cancións con e sen música.
- Ritmos musicais sinxelos con e sen instrumentos
- Percusión instrumental e corporal.
- Xogos musicais

Nº de monitores/as: 2 monitores/as

Nº de participantes: 25 participantes


Duración: 1 hora e media

Obradoiro de Ciencias: xogos e experiencias ópticas.

Para nenos e nenas de 8 a 12 anos

Descrición:

Neste obradoiro realizaranse diferentes experiencias que teñen a luz como nexo común entre todas. Traballaranse os efectos óticos, a reflexión e refracción, luces e sombras e na última sesión elaborarán un proxector de hologramas piramidal para móbil.



Obxectivos:

- Achegar aos/ás participantes ao coñecemento do funcionamento da luz a través de diferentes experiencias.
- Aprender a descompoñer a luz e comprender os fenómenos de reflexión e refracción.
- Experimentar con diferentes materiais para probar o comportamento da luz .
- Fomentar o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.

Contidos

- Achegamento histórico ao descubrimento da luz
- Comportamentos da luz en diferentes situacións.
- Efectos óticos baseados na luz .
- Elaboración dun proxector de hologramas piramidal para teléfono móbil.
- Exemplos de diferentes experiencias que se poden desenvolver coa luz.

Nº de monitores/as: 1 monitor/a

Nº de participantes: 15 participantes

Duración: 1 hora e media

Obradoiro de Iniciación ao cine

Para nenos e nenas de 8 a 12 anos

Descrición:

Este obradoiro ten como finalidade a realización dunha curta cinematográfica onde os participantes poidan contar a súa propia historia. No seu proceso de creación os /as participantes aprenderán a analizar, de forma crítica diferentes contidos audiovisuais, para así poder abandonar o papel pasivo ante a inmensidade de material audiovisual que nos rodea: anuncios, youtube, redes sociais, televisión, cine... Coñecer e ser conscientes da lectura destas linguaxes faíños críticos coas mensaxes que transmiten.



Obxectivos:

- Crear unha curta en equipo a través de dinámicas lúdicas.
- Espertar nos/as participantes a conciencia crítica ante os contidos audiovisuais que se consumen frecuentemente.
- Estimular a participación, a imaxinación e a creatividade.
- Fomentar o debate e o traballo en equipo.

Contidos:

- Técnicas básicas de gravación de imaxe e son
- Análise crítica de contido audiovisual. Do espectador pasivo ao espectador activo.
- Aprendizaxe do uso de material audiovisual.
- Elaboración do proceso de creación dunha curta: Guión e reparto de tarefas

Nº de monitores/as: 1 monitor/a

Nº de participantes: 15 participantes

Duración: 1 hora e media